

XI Festival da Poesia no Condado. Salvaterra de Minho / Escolma Poética

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

XI Festival da Poesia no Condado. Salvaterra de Minho / Escolma Poética (2011 [1991]). Salvaterra de Minho: Sociedade Cultural e Deportiva Condado. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1468>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

XI Festival da Poesia no Condado. Salvaterra de Minho / Escolma Poética (1991). Salvaterra de Minho: Sociedade Cultural e Deportiva Condado.

* Edición dispoñíbel desde o 21 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

XI FESTIVAL DA POESIA

NO CONDADO
SALVATERRA DE MINHO

ESCOLMA POÉTICA



EDITA Y COORDINA:

Sociedade Cultural e Deportiva Condado.

PATROCINA:

Deputación Provincial de Pontevedra.

DESEÑO:

Pepe Carreiro.

PORTADA:

Ruano.

IMPRIME:

IMPRESA C. PEON — Pontevedra.

D. Legal PO.: 401- 91

SEMENTE DE PREGÓN OU PRÓLOGO -COMO SE PREFIRA- PRO FESTIVAL DE POESÍA DE SALVATERRA DO MIÑO OU DO CONDADO.

Por **Manuel María.**

ESTE ano no que andamos -o 1.991, á veira como quen dice dun novo século e dun milenio por encetar- imos celebrar, unha vez máis, o xa tradicional **Festival de Poesía de Salvaterra do Miño ou do Condado**, xa consolidado pese a incertidume que o ronda ano tras ano. A Poesía, a verdade poética, remata imponéndose e trunfando pese a que, moita xente, non se decata deste feito. A beleza e a verdade -tanto a estética como a ética- residen na Poesía. Só a Poesía é a casa da estética e da ética. Non hai outra. Todo poema, merecente deste nome, é útil como experiencia humana. A súa misión -todo o que vive e o que viviu ten unha misión positiva ou negativa pois a neutralidade é un imposible- consiste en descubrir e agrandar o mundo, tódolos mundos reais ou imaxinarios. De ahí que se silencie á poesía, se marxine e se proscriba de xeitos máis ou menos sutiles, abertos ou encubertos. Os planificadores das nosas vidas saben moi ben o que fan: non queren persoas senón rebaños e canto máis domesticadiños, mellor. Todo canto se faga a prol da Poesía é, xa que logo, un acto de suversión e resistencia. Este **Festival de Salvaterra** así ten que ser entendido.

Neste ano escolleuse unha data esencial pra súa celebración: o 12 de Outono, símbolo do reacionarismo e do capitalismo español, o pobriño tan sumiso e obedente. Faise contra a celebración do V CENTENARIO DO DESCOBREMENTO DE AMÉRICA. Xente civilizada, culta, sensíbel,

sen dúbida, non se sumará a tales folklores. Estes descubrimentos e conquistas por medio da forza e da sinrazón teñen de avergoñar a quen as fixo. Povos que non se metían con ninguén foron agredidos polas armas, sometidos, algunhos masacrados, saqueados e humillados. Impuxóselles unha língoa, unha relixión e unha subcultura, que non eran as suas, no nome de Deus e da Civilización. Intentouse aniquilar todo aquilo que non era o capricho do conquistador. Fixéronse desaparecer grandes culturas sobor de todo en América. Nunha palabra: eses seudocivilizadores o único que fixeron foi empobrecer ao home e ao mundo, cultivar o odio e non o amor, sementar a guerra e non a paz e o entendemento. Porque non hai Cultura, senón culturas. Ningunha cultura é superior ou mellor que outra. Unicamente hai culturas máis ou menos desenroladas. Cantas máis culturas esistan máis probabilidades ten o home de elixir e o mundo é máis rico.

Este ano o **12 de OUTONO** poetas galegos, portugueses, cataláns e bascos xuntáranse, unha vez máis, á veira do Pai Miño pra decir os seus versos, nun acto de amor e solidaridade. As namoradas e agradecidas ondas poñéranlle música aos seus poemas, levaranos ao mar como máxicas e minúsculas barcas cheas de beleza, soños e ilusiós. E desembarcarán en lonxanas praias, non como guerreiros conquistadores, senón como embaixadoras de Poesía -da Poesía- buscando refuxo en corazóns lúcidos, sensibeis e libres.

¡Viva o **Festival de Poesía de Salvaterra do Miño!**

¡Viva a Poesía!



Galiza



**Xosé María
Alvarez Cáccamo.**
(Vigo, 1.950)

CAMPOS CERCADOS DA SERRA DO XISTRÁL

PREGO DE CARGOS

Adxunto remito Prego de cargos

contra todos Vostedes

por ocupar a terra circundante, as dependencias

da bandeira, os sotos

onde gardamos auga en afluentes para o Día da Seca,

para cando Deus, abrasadora frecha, baixe proclamando o Reino das Galaxias

e o lume de napalm contra Vostedes.

Contra Vostedes

dispoño aquí en expediente, en disciplina, en documento,

que lles sexa retirada palabra de música, dereito de instrucción, poder sobre conciencias.

Porque tivéchedes recto saber e coñecimento das palancas e dominio sobre rodas e funís e non soubéchedes tirar fruto das fórmulas,

porque detrás de vós ian os nenos cantando extramuros da vila e domaban cometas e modificaban o norte dos regatos,

porque ocupáchedes os limiares do templo marcando as lousas con excremento de pombas e o brillo das varandas con impronta dixital e con xiz loucos graffiti nas paredes das cámaras privadas, que son de pedra verde,

e porque a ocupación foi realizada por xeitos violentos, quebrando cancelas e portas lacradas e fiestras dobres e setenta fechaduras negras,

mutilando o sexo das estátuas que representan o sentido e número do Comercio.

Con lápiz de carbón algúns pintaron sombras imprudentes no pubis de sucre de Afrodita, outros con tinturas vermellas pretenderon simular o pecado debaixo do ventre de Apolo Sauróctonos.

Feito probado: foi destino de agresión con lanzamento de obxectos O Correxidor. Constan no informe

lámpadas de gás, espadas, ánforas, angazos,
e mesmo unha mazá que lle ingresou no lombo como a Gregório Samsa.

Prego de cargos, pois, e ferros duros e varios documentos fiscais contra Vostedes,

polos feitos descritos,

pero tamén

por asistir á Comunión Xeral en roupa de labor, sen libro de nacre con estampas, zapatos cor marrón, sen luvas, e non con traxe de almirante,

por ter xogado nenos e nenas en dependencia común sendistinción de natureza, intercambiando prendas interiores.

Asegura a relación de faltas que unha tarde de abril un home espido entrou no Pavillón portando un violino, unha muller

levaba un facho aceso, cantaba mui alto en arrebatos. Ela dicía himnos perigosos. El procuraba unha nota inextinguíbel.

E unha gavela de xente bulideira acudiu para escoitar a música extremada.

Mui fonda relación garda este acto de sacrílega fervenza

con posteriores sucesos que se enumeran detalladamente nos informes, por exemplo

a longa marcha através da Gándara da Noite, nos límites

dos barrancos verdes en dirección á última Oficina,

a ocupación simbólica de determinados espacios ocupados de facto,

a parálise do traballo despois da hora de cantar o galo e a negación tres veces

e tres veces outra vez a negación.

Prego de cargos contra Vostedes damos

en data singular

cando falei con voz que me autoriza

a negar o reparto dos espácios e das terras e dos ámbitos, ou sexa:

as agras sementadas, o campo da festa e da matanza que linda ao vendaval co Río Grande, ao Norte

con moreas de corpos transformados en caixa de sal por lei de fuga,

que dicir tamén o circundado, aínda que pequeno, suficiente

para o cultivo dunha rosa branca.

E así nego tamén os arredores, as bouzas, as engrovas,

os sobrados, as senras, nego os sitios

da eira e do rosio. Nego e nego.

Prego de cargos para que non podades

rematar nunca a construción da torre

e para vergoña de séculos e séculos

fique incompleta a fachada dos setenta pavillóns.

Porque anotáchedes os vosos nomes con letra de mercúrio que imita os símbolos do Grande Arquitecto,

porque orgullosamente afirmados na desobediencia pública

laboráchedes na organización dunha banda de mulleres libres, vagacentas, descuidadas,

e porque houbo entrega de filtros e flores e cancións de namorar

e cánticos amarelos arredor do lume na praia da grande maré despois de medianoite.

Considerando, pois, que os feitos que se indican poden ser constitutivos de delito, ordeno que vos sexa retirada palabra e dereito de instrucción,

que vos poñan voz acusadora e ferros fiscais e luvas quentes nas mans,

e que vos neguen terra desde esta parte até a raia do mar en vintecinco metros da chea mais alta, que vos falte a música,

e que as línguas se confundan para que non saibades nunca rematar a torre, así cando ún precise arxila entreguen xabre e terra negra e sucumba a construción desde as alturas,

e que tres veces vos sexa negado auxilio ou recompensa,

e quen ouse auxiliar ou ceder a tentativas de imitación sexa tamén castigado,

e lle retiren asimesmo palabra, música, dereito de instrucción,

e se lles negue a todos os que así procederen

o reducto cativo do circundo onde pretendan

cultivar algunha vez a rosa branca.



SEPULTURA DE A. MACHADO
COLLIVRE. MAIO 1991

Manuel María.
(Outeiro de Rei, Terra Cha, 1.929)

Dous poemas de Manuel María

BALADIÑA DO LATEXO MÁIS PEQUENO

UN latexo é unha forza pequeniña:
impulso aberto cara á vida
con vontade total de permanencia,
de ser e estar no mundo,
dándolle armonía á creación,
rimo máxico que agroma
en gracia inefabel de beleza:
única e verdadeira razón de canto
esiste.

Un latexo sempre é
un acto de amor irrepitíbel.

BALADIÑA DO ASUBÍO MÁIS DELGADO

ASUBÍO delgado como o aire,
raiola de lua enfeitizada
coa luz mellor da Primavera,
rumor de aza sutil de
volvoreta, saeta invisibel
que fire e escacha o azul
como un cristal, música
elemental enchendo ao mundo
coa sua sinxela maxia
mesmo á veira do prodixo,
milagreira voz do merlo,
do tordo e do malvís.
Asubío xentil: palabra miña
cando o asombro me posee e
quero espresar o inefabel.



RETRATO LUMINOSO DE FIDEL CASTRO
(Foto de Gianfranco Gorgoni.
2.º Premio World Press Photo en 1985)

**Xosé Luis
Méndez Ferrín**
(Ourense, 1.938)

HOMENAXE A FIDEL CASTRO

1

A esperanza bateu uns aletexos
e foi pousarse máis aló, nun punto indefinido do horizonte

Na chaira da desfeita,
a armada de macacós Rama
celebra a victoria bebendo viño de tolemia
nos cranios dos vencidos.

Mañá non é mañá, senón máis tarde.

Pitillito de Chester, Gorbachev.

Crónica da derrota das nacións.

2

Tes tan feble o pensiero coma a caralla, esposo.

Entón parou a Historia.

Dixo Cáccamo: desterraron os profesores do Meixoeiro.

Eu: os presos nacionalistas (e outros).

Nembargantes están a reducir o número
de obreiros, labregos e mariñeiros, en toda a Terra.

Déixannos sen **Nós**.

Mencer de cocaína para as camadas emerxentes.

3

Tocante a iso:

¿Oh desmayo dichoso?

¿Oh muerte que das vida? ¿Oh dulce olvido?

De novo o cortexo das bandeiras esfarrapadas.

O valse da meniña triste

A esperanza ergueu o voo para pousarse
un coto máis no lonxe.

Dixo Moira O'Flaherty (dos Flaherty
puros de Inismore, Aran): Imponse agora,
suturar, corcoser, soldar varias cousas
ou fraccións de cousa.

E os do Eixo (Vigo-Ferrol): pensar.

Ponse Pottier, o da Comuna: Groupons-nous.

Si, agrupémonos -responderon en ton sombrío
os derrotados do mundo enteiro (porque tiñan
indemne o corazón, naturalmente).

4

Aínda que a ave voe máis alá da esperanza.



LUZMILA CHIRICENTE
(Amazonia peruana, campa ashaninka)



MIRNA CUNNINGHAM
(Miskita, Nicaragua)

A. R. Reixa.
(Vigo, 1.957)

DUAS MULLERES INDIXENAS QUE VISITARON A REPUBLICA DE SITIO DISTINTO.

LUZMILA CHIRICENTE (Amazonia peruana, campa ashaninka)

os pasos pequenos, o teu español mal aprendido, 50 ptas.
o falar ralentizado, a convicción urxente
preguntaches polos deuses da catedral de Compostela e do Museo do Prado
sorpresa pola boneca de pilas que choraba
a cada agasallo que che faciamos preguntabas
se era para ti ou para a túa comunidade
comezaches tódalas frases que puideches por
“nosoutros como comunidades indíxenas”
sen cambiar de xesto quedou claro que para ti e os teus
o 92 era o quinto centenario da invasión
de detrás de ti queda o silencio dun nós inmenso

MIRNA CUNNINGHAN (miskita, Nicaragua)

“Son muller miskita, médica e sandinista”
estoupaban os teus ollos de silencio brillante
(os contras cantaban himnos da igrexa moldava durante as violacións)
o teu canto de despedida foi rotundo e parecía unha cantiga de amigo

“Para que vés, muller
veño defende-los nosos dereitos.
Onde marchas, muller
marcho loitar polos nosos dereitos”



Manuel Forcadela
(Tomiño, Pontevedra, 1.958)

PRIMEIRA PROFECIA

Fragmento nº IV

(VOZ DA SIBILA).

Escóitame, Manuel: eu son a túa sibila.
a morta que no soño de flores da túa voz
só fala para ti,
do alto das torres derrubadas.
Eu son a falecida,
aquela que ama os corpos dos poetas afogados
e aniña no seu ventre de vermes e tristeza,
a dona que alimenta os corvos do luar
e empreña as raparigas coa sombra dunha chave.
Escóitame e pon ollos de estares moi atento
pois outros non encontro que durman para oirme
Hai néboas que abren paso a tardes do porvir
e nelas ti viaxas selando vellas cartas,
compondo as altas febres que enferman aos arcanxos.
Ninguén a acompañar
a triste comitiva
das sombras que desexan posuirte.
Escóitame, ten fe. Eu son a que virá

tanxendo as harpas negras con gatos aforcados
buscando nas túas páxinas poemas de aflicción.
Pois inda poden acordar queixumes vagarosos
do tempo en que a tristeza estaba erguida.


Se é inútil o camiño que inclinas pola tarde
no límite cincento do xardín...
Se hai vidros que te afastan da lámina do espello
e lembrás un metal máis prístino que o cobre...
Se levas nas túas asas o acorde de setembro
deitado nas ribeiras dalgún río...
Aínda poden e ti o sabes.
Por iso te desvelas en noite de verán
e prendes unha páxina de olvido
ao centro das paredes da memoria.
Por iso cando enxergas o fluído da canción
e ves que nel non late materia nin tristeza
senón un breve instinto de garaxes fechados
perdura en ti algún día que tiñas por perdido
e voltas a mirarte perplexo nunha foto
con roupas que tiraches ou deches para os pobres.

Escóitame, ten fe. Eu quero iluminarte,
deixarche o meu camiño posuído de tristeza

sen pedras que perturben o tacto dos teus pasos.
Pois das noites en que baixes a encontrarte co fracaso
e persigas da súa sombra algunha aura esquecida,
os resquicios dunha pel amada hai anos,
o percurso dunha voz que foi perdéndose e morreu,
esta é a que máis fire,
a que deita coa súa faca envenenada máis morte no teu ventre
e abre zanzas de podremia aos cadáveres dos soños.

Pois das horas en que chegues a algún porto noutros mares
e comprendas que a beleza está no voo daqueles páxaros
afastados por un sopro
esta é a que se inclina,
a que asoma o seu corpo imposible a un abismo de rochas,
a que abate no escuro a ilusión dunha chave
para abrir o silencio e entrar onde a música soa.
Escóitame, elexido dos arcanxos,
doente dos delirios que outorga o vaticinio,
ti, príncipe, duque dos exércitos escuros,
dos vencidos batallóns
meu triste xeneral mancado na derrota.
Eu son a que governa o rumbo dos perdidos,
aquela que abre pozos para os cegos camiñantes
e deita na súa fronte un beixo de sal.

Así que desde agora maldigo o noso canto.
Ninguén veña escoitar o fume destes versos,
ninguén a despedir a nosa comitiva
de fúnebres navíos.
Só ti, Manuel, máis eu, a morta que desexa
o froito máis corrupto da túa boca,
o verbo que devala para o centro
e aniña xunto aos corvos nalgún salgueiro seco.
Maldigo, pois, a música do noso incesto triste,
eu, nai de todos os calados,
daqueles que debruzan nos ríos do interior
a lira iluminada dun laio cinsento.
E así soño escoitarche con voz de falecido:
“Non voltes máis linguaxe, adro do silencio.
Porque foi chegada a tarde de abatervos co meu canto
e vós sodes ocaso ante a miña presenza”.



NOM PARAR, ADIANTE
CO FESTIVAL!

Rafa Vilhar
(Cee, A Corunha, 1.968)
POÉTICA

achegache a tua boca à minha

era pequena como un epigrama
e invencível como um poema épico

AQUELA TARDE...

aquela tarde
a terra tivo um parto difícil de água e ervas
e estremeceu-se toda

aquela tarde
os caminhos desandárom-se
e nós éramos mel e lança
aquela tarde

REINVENTO O OCEANO...

reinvento o oceano
e descubro os perfis dum continente
debuxando-se nos meus dedos

vejo rios e selvas, madeiras e açúcar,
e umha estátua alçada à loucura
dum navegar sem sonhos

acho sangues misturados, luz e medos,
e recebo o abraço solidário
da calor e a fome irmãs

recobro o alento da aventura
nas areias dumha ilha

e nom tenho medo de ser a ofensa,
o duro golpe da história
no embigo americano


MAR DE CANGAS...

ao povo de Cangas

mar de Cangas, mar de Cangas

miramos a história deter-se um dia no mar de Cangas
e com valor e peixes
escrever a crónica da caída do tirano

eu recolhimos a história neste barco
e puzemos proa cara ao infinito



Bernardino Graña

(Cangas do Morrazo, Pontevedra,
1.932)

CONXURO ANTE A CIDADE CO MAR MANCHADO

I

Vagas, olas grandes,
mans do mar sagrado,
quitádeme os aires
con que me enzoufaron;
aire porco,
aire morto;
aire podre,
aire de morte;
aire e noxo,
visgo, cotra,
vil petróleo,
chapapote;
aire e mexos e miserias
dos cen mil bullas, entullos,
axes, bafos, abafallos,
rodopíos, líos, chíos,
tolerías que confonden,
dos cen mil
tolos que corren
en cen mil
chatarras-coches,
de pezoñas

e carroñas
das comidas
xa comidas
que nos comen,
desperdicios
de mil vicios
que nos cobren,
os lixosos
lumes ruins,
ruins incendios;
os desprecios
que nos cegan,
nos consomen;
a ignorancia, o abandono,
o mental neboeiro choco;
a negrume, as mestas nubes
que converten
día en noite.

Quitádeme os aires
que matan o aire,
os aires merdallas

de pitas biollas
que alcatrean nafres,
estómagos, bocas,
o figado, os foles.
Quitádeme os monstros
en forma de homes
que matan os homes.
Quitádeme os aires
que a todo o planeta
apestan, corroen;
aires de soberbia
finchada en paifoca,
de furia e tolemia
que se autodevora
e que todo o entolda;
de sombras que asombran
e queren subirse
por aire e galaxia
a apagar soles.

Que nos varras,
mar,
gran vaga,
un roncallo inmenso sobre

a cidade, como eclipse,
como fusta, apocalipse,
labazada
dura e forte,
maremoto,
monte de auga
e sal
enorme.

II

Ese aire perdido...,
rómpelle o niño;
ese aire do demo,
para o seu inferno;
ese aire cruel,
para o seu bordel;
ese aire felino,
para o torbeliño;
o lixo cobral
deixe o manantial;
ese pauto malo,
a desempautalo;

ese amalloamento,
desenmalloalo;
víbora en pezoña,
desempezoñala;
aire de enganido,
desenmeigallalo;
bafo que nos lía,
hai que deseniialo.

Corta, corta o aire
nas rúas cruzadas,
pola encrucillada;
aire excomulgado.

Xa desato e corto
tanto aire morto,
tanto mal engado,
capitalizado.

Xa desato e quito,
Satanás maldito;
torzollo
polo ollo,
industrializado.

Vai onde non sintas
a auga a choutar,
o neno a brincar,
o merlo a chirilar.

Ponte en roda,
en sendo cobra;
no burato,
en sendo rato;
voa en palla,
en sendo araña;
todo arrastro,
se es lagarto.

E por todos os astros
e o sol potente,
pola luz dos arcanxos
e o Deus que a Dona
levou no ventre,
ponte lonxe de quen
sofre os teus males,
nunca máis ti nos doas
nin nos maltrates.
Esconxúrote. Amén.



Lino Braxe

Mandiá

Autor do libro de poemas "Banquete" (1.990). Participou en diversas antoloxias poéticas e libros colectivos "De amor e desamor I e II" e "Igor de Albatros en Selene". Tén publicado tamén teatro: "A promesa e outras pezas" (1.991). Xunto con Xavier Seoane realizou os traballos sobre Luis Seoane: "Galicia emigrante" e "Figuracións", así como o libro "A máxia da palabra: Cunqueiro na Rádio". Recentemente editou o libro de relatos "A memoria perdida".

Locutor de RNE, foi actor de dobraxe, guionista de TV, e participou en diferentes vídeos como locutor e actor. É redactor e cofundador da revista "Luzes de Galiza".

LITTLE BIG HORN

o xesto nobre
disposto a adentrar-se no sendeiro da guerra
no peito a bolsa medicinal e un totem sagrado
as lanzas e os escudos
as pinturas e as prumas do aguia

con estes atributos
e o valor que só Manítú outorga
foi como derrotaron as hostes de “cavalo tolo”
aos coitelos longos en Little Big Horn

WOUNDED KNEE

cambiaron os cavalos pór motos
e as casacas de pel por blue-jeans
declararon a independéncia da nazón india
en Wounded Knee

en Wounded Knee
guerreiros mozos asombraron ao mundo
coa raiba contida do búfalo
en Wounded Knee
sen reservas
os homes vermellos seguían ao seu guía
cando os tanques detiveron o avance
en Wounded Knee

mas no alén
agardavan-nos milleiros de nuvens brancas
e cavalos selvaxes nos que gallopar ceus

Manitú amará por sempre aos seus fillos
en Wounded Knee



**Miguel Anxo
Fernán-Vello**
(Cospeito, Lugo, 1.958)

CRONICA DO FUTURO

Levávamos cen noites agardando entre a névoa.
Cen noites agardando dentro de cada noite.
A luz dun mapa apenas sabia de nós no fondo
dun camiño intrazado no límite do mundo.
Por veces viña un eco perseguido de vento
e un mesto mar insone povoava o silencio
de arvorecida calma.

Nada se adiviñava no corazón prendido
a un astro de soedade, a un país invisíbel
que nacia nos ollos.

Levávamos cen noites de paciéncia infinita,
agardando, agardando no devalar das luas,
e era un grave latexo entretecido á sombra
máis azul da esperanza.

Estávamos unidos por unha vella forza,
unha raiz atada á terra, ao mar, ao ceu,
e tiñamos cen noites detrás do noso sangue
á espreita do universo, no duro tempo túnel
que consume o alento.
O inimigo é un inferno que nos invade a alma.

Sabíamos que un día chegaría un lóstrego
a nos queimar o cerne do noso amor durísimo.
Mais soubemos medir no límite do sangue
o camiño perfecto...

armados como a luz contra os campos escuros.



ROLAND TOPOR, 1980

Margarita
Ledo Andi3n
(Castro de Rei, Lugo, 1.951)

TOMA LÁ, DÁ CÁ.

ou a historia, en resumo, do gaxo xa agora por todos coñecido.

capítulo primeiro. **O CRIMINOSO DE BRAGA.**

para Bruno Baldaia.

Toma lá! modoso
vése logo pola foto
é un criminoso

-e é que un asasino non engana ninguén.

Dá cá! só disgostos.

Qué ben luce a raiña da casa co bebé na barriga
en que se esmera para prepararnos unha boa mesa.

As cadeiras, a palma da man, a palmatoria...
cada cousa a ocupar outravolta o lugar que ocupa.

As maletas para a lúa de mel,
anaquiños de papai,
de mamai,
touciñiños de ceo que nen terán de lle dicir

-¿pasou ben?

á garda de fronteiras.

Dous fiambres enmaletados ¿en mal estado? en Goián.

-vése logo que é cousa de galegos.

-non, non hai cocaina ¿quén carallo liquidou
aos gaxos?

(continuará)

*hai meses, algúns, tal e coma adoita pasar, denantes se pechar o servizo cun *happy end* encol do V Centenario, saiamos outravolta na Tele. Uns campos ribeiráns. Dúas maletas. Dous mortos de diferente sexo. Que resultaron da parte de Braga, cunha filla única que ao que parez botou unha mauiña no descuartizamento. Porque xa se sabe que ti e mais o teu home te-redes de ser unha mesma persoa, para o ben, para o mal e coma perpetrador. Nihil Obstat.



Xela Arias

(Lugo, 1.962)

A DESCUBERTA

Era El Dorado.

De ti herdeime aquí columna embarrada de seringueiros.

Di que me conquistas.

Eu xa non son a matemática fantástica
da pedra en calendario.

Nin

unha selva habitada da minúscula ordenanza
en compañías

Non son un deserto en comunión de cactos e serpes.

Sequera as cores brillantes do soroche.

Di que me conquistas.

Ah! Libráchesme dos caciques,
mírame patria da multidemocracia de macdonals,
salsa e cocaína en mal reparto.

¡Fóra inútiles bruxos de corno, herballo e calavera!:
agora misionero espírito en agasallo de TV.

Ti di, di que me conquistas.

Aprendíchesme a le-las letras de cambio,
a autoriza-la morte dos meus pais.
O búfalo -a llama- o bisonte, os meus...
os meus perderon o meu nome.
Si, di que me conquistas.

Agora si. Agora que esquezo a receita coa beberaxe de Home Trono
e xa non sei máis de Raio de Lúa
có que ti me contas.

Agora si,
que son selva en carretera
e a min viñeron a parir Europa, Asia,
...África sen vinganza.

Agora que sei de desaparecidos e trallas,
xa ti podes, si, di,
aínda di que me conquistas.

SOLDADOS

Porque bebes na fonte das dúbidas
sospeitas.

Porque habita-la esperanza
sancionas.

Así sabes ti da elevada simetría das batallas.
Así conviñas pola muda da historia.
¿Que tal ve-la necesaria imposible inocencia dun minúsculo poder calquera?

Abrázome noutra revolución pendente.

Non vou ser soldado.
Poño a man
e cáenme milleiros de causas comúns polos dedos estirados.

Non vou ser soldado.

¿Sanciona-la mezquindade que os desexos tamén gardan?

Porque se linda-la utopía
atrévete agora e avanza.

Tamén ti ocultas
verdadeirós motivos en risas desencaixadas.

Así que abrázate nesoutra revolución necesaria.

Sería-lo mellor soldado
e mais cantas veces
mórrenche tódalas batallas.



SERRA DO XISTRAL

Xavier Rodriguez
Baixeras.

(Tarragona, 1.945)

APARICIÓN

Nos muros xa brotou a vella cor de almagre
en tanto o sol de inverno nos afastou do mar,
e embebe os nosos labres con vinagre
a man que apaña un resto no lagar.

Ancoraron a tarde. Alguén está esperando
na sala dos estigmas, rodeado de luz;
da súa pel de níscalo ven un sorriso brando,
ocultan o seu rostro cabeleiras de uz.

A súa voz vidrenta, como xelo, se quebra;
¿de que nave celeste caeu na hora gris?,
¿que corazón gravita, visitante da tebra?

As portas se dilatan, frenesís
da casa que, fendéndose, celebra
este intre fugaz, oh remoto país.

O DESERTO

De aquí parte o deserto, de torrentes de soños
que faíscan ao lonxe como corpos fugaces;
de aquí parten os ermos, as desoladas chairas
(de aquí partín un ano para unha longa viaxe).

Os ollos maduraron de máis e xa comeza
a se toldar a voz, a se avolver o sangue,
a se entupir o ceo de anxos abatidos;
de aquí parten os boscos, roxas línguas voraces.

(E tamén parte o erro de coidar que ese día
voei, e tan levián, que me seguiron aves,
e que todo era fresco, recente como a seca
do mar, cando descobre o seu profundo cálice).

Onde acaban os regos, no vasto cemiterio
dos apeiros, a espuma remansa no seu mármore;
os desexos galopan para alá das poeiras,
pero as greas esquivas nas súas sombras pacen.

Cercado de troviscos, o século declina
(un ano fun por el, procurei amizades,
mesmo lle din a vida); e no deserto escribe
estes signos escuros, aos que ninguén combate.



**Darío Xohán
Cabana**

(Roás, Terra Cha, 1.952)

PATRIA DO MAR

Patria do mar, e como vén o vento
de salitre e laído de arroaces,
e como el é de peixe e de fugaces
figuracións de mar en movemento.

Patria do mar, e como a lonxanía
nos calexóns penetra e se peneira,
como entra en cada casa mariñeira
cun ancho recender a marusía.

Patria do mar, e como brilla a danza
das gaivotas xirando harmoniosas
sobre as ondas á beira do alborar.

e como o verde musgo da lembranza
resplendece nas pedras nemorosas
da cidade que se ergue cara ó mar.

VELAI QUE SE APAGAN...

Velaí que se apagan as estrelas
por oriente, que o sol vén rubicundo
disipando parrumas e procelas,
ceibando resplendor por todo o mundo.

e velaí que vogan as gamelas
polo rizado mar entre as gaivotas
e os ousados coruxos están nelas
procurando cazóns e maragotas.

Velaí que os irmáns en fráxil barca
saúdan o dador e cían de arca
proando cara a terra e vanse vindo,

e velaí que atracan sobre a area
e descargan o peixe da marea
cando aínda a cidade está durmindo.



Euskadi

Jose Luís Otamendi

Nado en Azpeitia en 1.959, ten publicados os seguintes libros “Egunsenti Biluzia” (“O mencer nu”), Edit. Ustela saila, 1.980; “Azken Undinaren Kaira” (“Ao peirao da derradeira sirea”) Edit. Ustela saila, 1.983; “Zainetan murrailak (“Muralla nas veas”) Edit. Susa, 1.987; “Poza eta gero” (“Despois da alegría”) Edit. Susa, 1.990). Ten colaborado con diversas revistas literárias, “Hegats”, “Argia” e, con máis intensidade, en “Susa”.

izarrez betetako ortzearen pean loa karua da
hildako plagiutzen nazkatuta gaude
lo oneko maitasuna ez da zigorrik latzena
harriz begi-zolak zergatikan bete

hareazko negarrak itsaso zabalak ez ditzake idortu
ez du hondorik joko ume-esku honek
gure untziolek apailatua da zuen dolorea
deitura luzeko esklabuak gara
denak bizkaitarrak

zenbat zutoihalek galdu ote ditu zerritegietan urguilu-loreak
astunak direla ohostu genituen itxaropenak nola jela puskak usoen papoan
amerika ametsa da baina bankeruen esku itokarrean da
suak piztuko ditugu ilargiarentzat

izarrez betetako ortzearen pean loa karua da
erdi hilik gaude nazka plagiutzen
lokartu ezina, zigor latzagorik badu maitasunak
zergatik bete harriz begi-ohantzeak
ikusteko gaude

non é tan fácil durmir por baixo dun ceo estrelado/ xa cansamos de plaxiar aos mortos/ hai piores condenas ca un amor sen insómnio/ por que encher de pedras a cunca dos ollos/ este pranto de area non cegará os mares/ esta man de miniño non chegará até o fondo/ nos nosos estaleiros armou-se a vosa dór/ somos escravos panocos de apelidos longos/ de cantos estandartes cairon as flores en cortellos de medo/ roubamos esperanzas que pasan como xelo en papo de pomba/ américa é un soño esganado por mans de banqueiro/ arredor da lua prenderemos lume/ non é tan fácil durmir por baixo dun ceo estrelado/ xa case morremos de plaxiar a canseira/ hai amores máis maos que condenas de insómnio/ por que encher de pedras o leito dos ollos/ nacimos para ollar.

marea-tauletan asmatzen ditugu hondamendien loraldiak
errutinazko untziratze baten antza behar du
igande arratsaldeko ostera
-meridiano hariekin zintzur eragin diegu mila bat zaldiri-ez du hemen itsasoak xerarik
sastakaiei abistu azulak baizik
odolak egia gatzatuak daramatza
luze jotzen du etxera bideak
egoitza bakoitza oroimen ipurterrean etzangu
edabe hitsak irentsi ditugu karrika estuetan
gaur itsas-handitara inor ez doa
mozkor negarra
berriz mercantzi untzi lez atrekatu du gauak gurean artoz beteta
haurtzaroz oroitzen gara bake garaietan bezala.

Imaxinamos o frolecer da desolación en tabelas de mareas/ ha ser coma un embarque rotinário/ un paseo dominical/
degolamos milleiros de cavalos cos cabos dos meridianos-/ aqui o mar non sabe de cariños/ só o asubio azul dos pu-
ñais/ o sangue garda verdades coaguladas/ é longo o camiño a casa/ en cada cuarto aniñan lembranzas incómodas/
temos bebido tristes apócemas en calexas estreitas/ hoxe ninguén adentra no mar alto/ pranto de bébedos/ outravolta
a noite que aterra en casa coma un mercante carregado de millo/ lembramos a infáncia como en tempos de paz.

Íñigo Arambarri

Nado en 1.963, en Azkoitia (Gipuzkoa). En 1.985 publica "Jonas Poisson", Edit. Susa, e, en 1.989, na mesma editorial "Tartarugas e neves", os dous de poesía.

Traballa na actualidade na Editorial Susa, sendo coordinador da revista literaria do mesmo nome. É tamén colaborador de "Egin Irratia" no programa sobre literatura "Paperontzia" ("A papeleira").

Ibaian behera ehiztari dira bere begiak
Fosilen herra irazitzen duten atzaparrak

Ozeanora zartatzen den bide sakratua
Txarrantxa mehezco hitzak, harrapakinik gabeko auzkadak
Honela ikasi zuen untzien hizkuntza
Eta idatzi egin zuen, ez ibaiari ibaitik baizen:
Altzairua baino gaitzago duzu menditza
Ihesaren hegaztiak leherkariak bezalako zauriak hats-edaten ditu
Zaldien hezurdurak daramatza ekaitzak

Ezin indio izan, zuri izan nahi ez
Aukeratu zuen bala bere baitarako mintzo zen

Os seus ollos son cazadores rio abaixo/ Gadoupas que guindan o ódio dos fôseis/ Vieiro sagrado camiño de estrelas
cara ao oceano/ Verba de arame esguio, trabada sen presa/ Asi aprendeu o idioma dos barcos/E escribeu non ao rio
senón do rio/ É pior o perfil da serra que o aceiro/ As feridas da ave que fuxe abafan coma explosivos/ O trebón turra
de esqueletes a cavalo/ Non podia ser índio, non queria ser branco/ A bala da sua escolla somente falaba a soas.

Ezpainak irri: gorrotoa estaltzen duen txara luberri
Gure bakardadea polboraz harrotua
Errazagoa da maitasuna lekukorik ezean
Eta gorpuk, zuenak eta mineralezkoak
Gure maitasuna bezain demokratikoak orain
Koprezkoak dituzte bihotzak begiak koprezkoak
Gure bala azkarrak hitzaren mututasunean gordeka

Gau erraldoiak gure banderaren altzoan dagi lo
Denborak ez du zigorrik itsas-xaguxaharra
Bi mihiduna amatu haizkora zokoratua behor oparitua
Koprezkoa lanbroa gure bihotzetan koprezkoa
Gure hitz afusilatua koprezkoa gure bakardade beltza
Hain da zuria gure maitasuna mehatze gorri galdua

Sorrimos: terra a decruar verxel manto de ódio/ Alba soedade rozada a pólvora/ É máis fácil amar-se sen testigos/ E os corpos posesivamente vosos e minerais/ Tan cadavres como o noso súpeto amor/ De cobre os seus corazóns os seus ollos de cobre as nosas balas/ Intelixentes resgardándo-se na muda palabra/ É a impunidade do tempo morcego mariño/ Amor ao bífido machada abandonada égua agasallada/ De cobre agora a chuvia nos nosos corazóns de cobre/ O fusilado imprescindíbel de cobre a nosa escura soedade/ É tan branco o noso amor bermella mina perdida.



Paisos Cataláns



Xulio Ricardo Trigo Rodríguez

Nacido en Betanzos (A Coruña) o 25 de xullo de 1.959, reside en Catalunya dende a súa nenez.

Exerce como crítico literario en "La Vanguardia", "El Mundo", "Avui", "Diari de Barcelona" e "Serra d'Or" entre outros. Foi responsable da Sección de Cultura e Libros da revista El Temps. Gañador dos premios de Poesía "Benvingut Oliver", en 1.986, e "Ausiàs March", en 1.990, ten publicado o libro de poemas "Barrio San Martín" e a novela "La huida del rey".

DER HIMMEL ÜBER BERLÍN

(Win Wenders)

Jo sóc com un ocell i creuo l'aire
en un vaivé continu que em farà
abraçar una idea esborradissa de les coses,
sense por a engolfar-me en l'atzarós
d'aquesta bella forma d'apropar
la flama al cel.

Sóc el respecte por un vol antic,
que es sap captiu per l'atenció d'uns ulls
que recerquen als meus la seva dèria.

Hi creuo l'aire
amb el gran dubte de saber
quina és la part d'aquesta història que em pertany.

Tu envaeixes aquest infern bromós
i és sorpresa pel glaç la terra calda.
Adesiara mandreges als arbres
i hi beus la saba.

També, dalt d'una estàtua que la humitat encén,
t'adorms...

Damunt l'indret més fosc del gratacel
observes aturat tot l'espectacle de la nit
a la metròpoli tan trista.

Ja sé que avui voldries amagar
aquest estat sovint inútil de les coses
i travessar el pont de boira tan finíssima.
Com saber de la mort, d'aquesta joia
que ens fa feliços i ens dóna l'esquena
amb recels.

Mai no hi haurà una història com la nostra:
dos éssers enfrontats a l'avinença de l'encontre.

Eu son como un paxaro e cruzo o ar/ nun vaivén continuo que me fará/ abrazar unha idea efémera das cousas,/ sen medo a ensumirme no azaroso/ desta fermosa forma de achegar/ a lapa ao ceo./ Son o respecto por un voo antigo/ que se sabe cautivo pola atención duns ollos/ que procuran nos meu a súa teima./ Cruzo o ar/ coa grande dúbida de saber/ cá é a parte de historia que me pertence./ Invades este inferno neboento/ e o xelo sorprende a terra quente./ De cando en vez, desázaste nas árbores/ e alí bebes a seiva./ Tamén, sobre unha estatua que a humidade acendeu,/ adormeces.../ Sobre o sitio máis escuro do rañaceos/ observas parado todo o espectáculo da noite/ na metrópole tan triste./ Ben sei que hoxe quixeras esconder/ ese estado, a miúdo inútil, das cousas,/ e atravesar a ponte de brétema, tan finísima./ Cómo saber da morte, da ledicia/ que nos fai felices e nos vira as costas/ con receo./ Nunca haberá unha història como a nosa:/ dous seres enfrontados coa avinza do encontro.

CROISSET

(G.F.)

I

Algú dels que vetllaven ha informat
la patrulla d'aquella llum encesa.

Els grills sobre la nit, com un senyal,
hi guaiten els pigments de la campanya,
sacsegen les muntanyes del cultiu,
tomben terrers cercant els corcs menys àgils,
els mascles que escorcollen els estels.

I tot seguit s'hi fa un silenci greu.

-Vigia: "*Salta als ulls -dóna notícia-,
ha regressat el Senyor de Croisset.*"
Aleshores el pacte és necessari...
Hi han aquells que s'acosten a la casa,
i els altres, grills esparsos, al defora,
tornen memòries d'altres nits semblants.
La patrulla hi roman mentre a recer
formes mudes esperen el seu volt.

Els superiors s'obstinen a mirar
un altre cop les llums de la finestra.
Tal vegada la nit és un misteri
d'astutes taques negres vigilants.

II

Un home gran mesura aquest silenci
i en fa pulcres e indesxifrables línies.

Regna des de l'atàvica poltrona
i té al seu abast milers de llibres,
plomes exòtiques, enciclopèdies
i *Le Journal de Rouen, Le Nouvelliste...*

Però ell només escriu, vessa paraules
que esgarren un suport gens complaent.

Sí, de vegades fa un a part i fuma,
mentre pensa el següent protagonista
d'una correspondència inevitable:
Gautier, Du Campo, Feydeau, Bouilhet, Goncourt...
Tots habiten la nit privilegiada.

A sota la finestra els grills s'adormen,
però algú encara vetlla la il·lusió
d'aquell home malalt de rajaploa.

Quan l'aurora s'allarga al primer arbre,
el silenci es trenca pels esbufecs del geni.

El geni es diu Falubert
i ha estat seduït per Sant Antoni.

I

Algún dos que velaban deu a noticia/ da patrulla daquela luz acesa./ Os grilos sobre a noite, coma un sinal,/ espreitan os pigmentos da campaña,/ abanean os montes do cultivo,/ tiran terróns, buscando os gorgullos menos áxeis,/ os machos que furgan as estrelas./ E, deseguido, faise un silencio grave./ - Vixía: "*Está ben claro* - informa -,/ *xa volveu o Señor de Croisset*"./ Entón, o pacto é necesario.../ Algúns hai que se achegan á casa,/ e os outros, grilos espaxeados, fora,/ devolven memorias doutras noites semellantes./ A patrulla quedou, mentres, ao abeiro,/ formas mudas, ao seu redor, esperan./ Os superiores teiman en mirar/ de novo para as luces da ventá./ Se cadra a noite é un misterio/ de astutas manchas negras vixiantes.

II

Un home, xa maior, mide este silencio/ e fai pulcras e indescifráveis liñas./ Reina desde unha atávica poltrona/ e ten ao seu alcance miles de libros,/ plumas exóticas, enciclopedias,/ e *Le Journal de Rouen*, *Le Nouvelliste*./ pero el somente escribe, verte palabras que esgazan un soporte nada compracente./ Si, ás veces fai un aparte e fuma/ mentres pensa no seguinte protagonista/ dunha correspondencia inevitábel:/ Gautier, Du Camp, Feydeau, Boulhet, Goncourt.../ Todos habitan a noite privilexiada./ Baixo a ventá, os grilos adormecen,/ pero algún vela aínda a ilusión/ daquel home enfermo corrente calamo./ Cando o albor se alonga ata a primeira árbore,/ os refolgos do xenio rompen o silencio./ O xenio chámase Flaubert/ e foi seducido por San Antonio.



Portugal



José Viale Moutinho

José Viale Moutinho veio ao mundo numa ilha atlântica. A Madeira, dizem que ardeu anos a fio, ao largo da costa de África. Se tinha habitantes quando lá chegaram os navegadores é algo que só a memória das chamas o pode dizer. É um poeta com mau feitio, como se poderá ver pelos versos juntos. Depois de vinte anos de escrita séria, passou a dedicar-se á oratória e começou a escrever uma novela negra. Aliás, também muito séria e sabe-se quem é o criminoso desde a primeira página. Em devido tempo publicará "Poemas Postumos".

CANCIONEIRO (APÓCRIFO) DOS DESCOBRIDORES

1

pelos gangsters de chicago,
por séculos de escravatura,
pelos filmes de cow-boys,
pela destruição das culturas,
por umha hollywood en cinemascópio,
pela divulgação do escorbuto,
pelas colónias de degredados,

muito obrigado, senhor infante.

2

nem todas as caravelas voltaram
dos recantos do mundo ignoto,
algumas afinal foram descobertas
por outros povos e alimentaram
de cristãos as ímpias fogueiras
dos que acreditam em deuses
de uma pedra diferente dos
nossos santos coloridos, perceberam.

3

hoje, neste ano em que se descobriu
o camninho pedregoso para a democracia,
vários homens morreram de riso fácil,
e saiu um album comemorativo de séculos
de monstros opressores: abasteçam-se,
senhores, o super-mercado das palavras
está a saque. grrrrrrrrrrrrrrrrrrrr!

4

tem ferrugem esta âncora, merda.

Porto, 11 de Setembro de 1.991



SERRA DA PENEDA (Portugal)

José Emílio- Nelson

José Emílio-Nelson é pseudónimo de José Emílio de Oliveira Marmelo e Silva. Nasceu em Espinho (Portugal) em 1.948, é economista e crítico literário.

Coordenador do suplemento literário de O Comércio do Porto, publicou "Polifonia" (1.979), "Polifemo e Outros Poemas" (1.983), "Extrema Paixão" (1.984), "Nu Inclinado" (1.985), "Queda do homem", (1.988), "Vida Quotidiana seguido de A Palidez do Pensamento" (1.990).

Representado em antologias e publicações colectivas: "O Resto do Mundo", Dimensão (Brasil), Bollettario (Itália).

ITINERÁRIOS

recomeço, com lisura, a narração das pelejas
na galeria do sequestro, redondel aberto por concavidades
fuselantes,

Oratória no pedestal!/pacientes colecionadores de ogivas
na página untuosa: “corajoso explorador” da escravatura

portugueses (mole de tentáculos ou seja:)

pilhagem

actínia

(antes disso, oratória no pedestal! adutores a catalogar rascunhos do desembarque, colecções
de cartas, atlas minucioso (de pistas incorrectas), roteiro fantasioso (tromba de vento, mulher e
peixe, etc.), falatórios,

(...) o antigo
antigo trono arrecadado no porão
vale a trampa (como o branco da colónia)
que nele sentou banhas

(Na página untuosa:) “Em nome de Deus, Amen” (antes disso,

a erigir padrão de “descoberta e posse”,
a raptar mulheres dos terreiros de secagem, a
“pingar” chumbo (nos mouros,) (N. Senhor) o sextan-
te dos mercenários para castigos, a raptar mulheres,

Domínio colonial dos estuários aos “relicários”!
tráfico e pregação de missa, a
encenação dos parceiros missionários (a
expedição de conquistadores) a
doação de salmos aos devotos, conversões em série plástica, prédicas
a
(alistados no extermínio (Ngola)
vassalos traidores besuntados de branco.

recomeço, com lisura, a narração das pelejas
na galeria do sequestro, redondel aberto por concavidades
fuselantes, recintos estreitos, paredes lisas,
corredores estreitos, a ligar pátios ermos, altares de
atrofiadas ossadas de pele óssea-acastanhada, os instru-
mentos de punição (varas para fustã),
e unguentos de mumificação, fras-
caria bolorenta, livralhada de anotários, opús-
culos de crueldades (na página untuosa:) e lengalengas cantantes e foles e caldeiras e fumegan-
tes espessas nuvens,
armazém de despojos,

Séculos coloniais.



SERRA DA PENEDA - GERES (Portugal)

Francisco Duarte Mangas

Nasceu em Rossas (Vieira do Minho), 1.961. Licenciou-se em História, é jornalista. Já participou numa das edições do Festival de Poesia no Condado. Publicou dois livros de poemas: "Cavalo dentro da cabeça" e "Espécies cinegéticas", bem como a "Antologia poética de João Penha". Figura em diversas antologias: "Um postal para Luanda", "A ilha dos amores", entre outras. Tem um moinho à beira do Rio Ave. E uma novela inédita sobre o drama de Vilarinho da Furna, "Diário de Link".

PROFETAS DE PERNA-DE-PAU

Levaram barcos carregados de Fé,
diziam

regressaram com ouro e escravos

Eleitos de Deus e não corsários,
diziam

saquearam e mataram

abrimos novos mundos ao mundo,
diziam

com a ponta das lanças

Eis o nosso Império,
diziam

sentados numa manhã de nevoeiro

D. Sebastião, o Desejado,
diziam

Há ainda quem espere o rei louco

Cumpriu-se Portugal,
dizem

o Adamastor é agora a Europa.

ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
Semente de Pregón ou prólogo	5
Galiza	7
Xosé María Alvarez Cáccamo	9
Manuel María	17
Xosé Luis Méndez Ferrín	21
A. R. Reixa	25
Manuel Forcadela	29
Rafa Vilhar	35
Bernardino Graña	39
Lino Braxe Mandiá	43

	<u>Paxina</u>
Miguel Anxo Fernán - Vello	47
Margarita Ledo Andión	51
Xela Arias.	55
Xavier Rodríguez Baixeras	61
Darío Xohán Cabana	65
Euskadi	69
José Luís Otamendi	71
Íñigo Arambarri	75
Paisos Cataláns	79
Xulio Ricardo Trigo Rodríguez	81
Portugal	89
José Viale Moutinho	91
José Emilio - Nelson	95
Francisco Duarte Mangas.	99

S. C. D. CONDADO



EXCMA. DEPUTACION DE PONTEVEDRA

Imprenta C. Peón - Pontevedra